

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2012.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as trece horas do día cinco de decembro de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión ordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria. Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 20 de novembro de 2012.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 20 de novembro de 2012.

B.1) SOLICITUDE DE D.^a PATRICIA ALVAREZ RODRIGUEZ, RELATIVO A FÁBRICA PARA ELABORACIÓN DE PAN E EMPANADAS.

Vista solicitude formulada por D^a Patricia Álvarez Rodríguez con D.N.I nº: 33.994.728-S con domicilio en C/Alonso Pérez, 41 4º A (27870-Xove) para realización de obras de fábrica para a elaboración de pan e empanadas no Polígono de Camba.-Parcelas 29-30.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se acompaña, subscrita pola interesada, así como ao correspondente plano de localización coa situación do terreo, e da Normativa en vigor, (P.X.O.M do Concello de Xove aprobado ó 12-06-2012 e publicado no B.O.P de fecha 14-07-2012), na área en que se encrava a nave, cuia habilitación interior se pretende levar a cabo, a mesma, atópase encravada, dentro da área delimitada como: área empresarial industrial de cambia. Artigo 278.-Areas de planeamento incorporado. Na memoria valorada do proxecto presentado, asinado pola inxeniero agrónomo D^a María Álvarez Ramos, no seu apartado 1.1.5.1 Memoria urbanística, xustifícase o cumprimento da Normativa para os arranxos que se pretenden levar a cabo.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de habilitación, non supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais orixinais da edificación, podendo habilitarse interiormente o forxado e atillo previsto nas condicións establecidas no proxecto presentado.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a:
 - Seguridade estrutural DB-SE
 - Seguridade en caso de incendio (DB-SI)

- Seguridade de utilización e accesibilidade.DB-SUA.
 - Salubridade. DB-HS.
 - Protección fronte a ruídos.DB-HR.
 - Cumprimento e xustificación do DB aforro de enerxía e aislamiento térmico. (DB-HE).
- En proxecto xustifícase a evacuación de augas residuais a rede xeral municipal e previo á concesión da licenza de primeira utilización, deberase garantir o cumprimento do previsto no artigo 29.g da Lei 9/2002 modificada pola lei 15/2004 do 29 de decembro, sobre a existencia de ter resolto os servizos básicos da edificación.
 - Recordase igualmente ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00 metros de ancho, en cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que deberá cumprirse con todos os seus datos:
 - Promotor das obras, construtor.
 - N° de expediente de licenza.
 - Data de inicio e finalización das obras.
 - Técnicos directores de obra.
 - Coordinador de seguridade e saúde na execución das obras.
 - Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente licenza de apertura da actividade.
 - Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais e no que a Normativa se refire con independencia das aliñacións e distancias dependente doutras Administracións, o neo seu caso o estado do inmovible antes do inicio das obras e o seu estado definitivo unha vez finalizadas a s mesmas.
 - Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, deberase proceder a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio publico en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos trabados.
 - De acordo os apartados anteriores e a resultados do proxecto presentado, e tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela e edificación encravada na mesma :
 - Infórmase favorablemente o proxecto presentado.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 108.047,45€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 2.160,91€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO VIÑA I RELATIVO A PROXECTO DE REFORMA DE PRAZAS DE GARAXE E ACCESOS EN AVDA DIPUTACION Nº 69.-XOVE.

Vista solicitude formulada pola Comunidade de Propietarios Edificio Viña I con C.I.F. H-27425321 con domicilio en Avda Diputación Nº 69.-Xove para realización de obras de reforma de prazas de garaxe e accesos.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se acompaña, así como o correspondente plano de localización coa situación do inmovible, e da Normativa en vigor, (P.X.O.M do Concello de Xove aprobado ó 12-06-2012 e publicado no B.O.P de fecha 14-07-2012), na área en que se encrava a edificación, cúa remodelación interior se pretende levar a cabo, a mesma, atópase encravada, dentro da área delimitada como: Solo Urbán de Xove.-Ordenanza O-2.

Na memoria valorada do proxecto presentado, asinado polo arquitecto técnico e inxenheiro de edificación Don Luís Rodríguez Díaz, no seu apartado 1.2 Memoria urbanística, xustifícase o cumprimento da Normativa para os arranxos que se pretenden levar a cabo, se ben a normativa en vigor é o P.X.O.M e non as Normas subsidiarias.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

As obras de remodelación que se pretenden executar deberán comprimir as normativas correspondentes, tanto municipais como de habitabilidade e accesibilidade.

Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.

No proxecto achegado, no seu apartado 1.1.6 da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación. no referente a:

- Seguridade estrutural DB-SE
- Seguridade en caso de incendio (DB-SI)
- Seguridade de utilización e accesibilidade.DB-SUA.

5º. -Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais e no que a Normativa se refire con independencia das aliñacións e distancias dependente doutras Administracións, o neo seu caso o estado do inmovible antes do inicio das obras e o seu estado definitivo unha vez finalizadas a s mesmas.

Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, deberase proceder a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio publico en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos.

De acordo cos apartados anteriores e a resultados do proxecto presentado, e tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela e edificación encravada na mesma :

Infórmase favorablemente o proxecto presentado.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 11.704,06€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 234,08 €.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio

Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C)CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL.

D.1)CONCESION DE BECAS E AXUDAS Ó ESTUDO 2012-2013.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do acordo adoptado pola Xunta de Portavoces, en sesión de 5 de decembro de 2012 relativo ás becas e axudas ó estudo 2012-2013.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase a aprobación das concesións e denegacións de axudas que se reseñan de seguido por un importe total de 29.666,14€.

AXUDAS PARA ESTUDOS UNIVERSITARIOS

NOME E APELIDOS	CONTÍA
XIANA OTERO ABAD	1.200.-€
MARIA LUISA PEDREIRA MARTINEZ	1.200.-€
MARIA JOSE COCIÑA LAGE	1.200.-€
MARTA LOPEZ LOPEZ	1.200.-€
SARA RODRIGUEZ GONZALEZ	1.200.-€
EUGENIA RODRIGUEZ ROUCO	1.200.-€
YOLANDA LOPEZ LOPEZ	1.200.-€
MARIA PILAR LOPEZ VILLARQUIDE	1.200.-€
ROCIO RODRIGUEZ FERNANDEZ	1.200.-€
PURA GOMEZ BLANCO	2.400.-€
CRISTIAN GOMEZ MIGUEZ	723,50.-€
PILAR LOPEZ FERNANDEZ	707,78.-€
SAMUEL SACIDO LOPEZ	295,85.-€
MARIA CARMEN FERNANDEZ LAMELAS	204,01.-€
TOTAL	15.131,14.-€

AXUDAS PARA CICLOS FORMATIVOS PARA ESPECIALIDADES QUE NON EXISTAN NA COMARCA

NOME E APELIDOS	ESTUDOS	CONTÍA
RAUL ACEBO GARCIA	EDUCACION INFANTIL	600.-€
MARIA JOSE COCIÑA LAGE	IMAXE E SON	600.-€
MARIA JESUS VILLARES VILLARES	SECRETARIADO E SISTEMAS DE REGULACION	1.200.-€
MARTIN FERNANDEZ ABAD	OPERACIÓN, CONTROL E MANTEMENTO DE MAQUINAS E INSTALACIONES DO BUQUE	SUPERA INGRESOS NON PROCEDE
	TOTAL	2.400.-€

AXUDAS PARA ALUMNOS MINUSVALIDOS

NOME E APELIDOS	CONTÍA
SEVERINO BASANTA BEN	2.250.-€
Mª DEL CARMEN LOPEZ VILAR	750.-€
EMILIO ROMERO PAREJO	750.-€
ROSA EIJO GARCIA	750.-€
MARCO PEREIRA OLIVEIRA	750.-€
ANABEL LESTEGAS CASARIEGO	750.-€
RAMONA TRIGO BASANTA	750.-€
VICTOR MANUEL GONZALEZ BERMUDEZ	750.-€
TOTAL	7.500.-€

AXUDAS PARA COMPRA DE MATERIAL ESCOLAR

NOME E APELIDOS	CONTÍA
GEMA SALGUEIRO MASEDA	185.-€
LUIS RUBAL VIGO	120.-€
ROSALBA FORMOSO ESCUDERO	120.-€
YOLANDA PIÑEIROA REGO	185.-€
SAMIRA HOUSNI JBARAT	60.-€
VANESA Balsa ARIAS	125.-€
GEORGINA RODRIGUEZ MIGUEZ	60.-€
VERONICA ARAYA GONZALEZ	240.-€
ANGELES VICENTE GONZALEZ	125.-€
SUSANA ESTEVES GARCIA	65.-€
VERONICA ISABEL REGO COCIÑA	60.-€
LANDER DONOSO REDONDO	125.-€
MONICA LOPEZ SANJURJO	120.-€
ELVIRA QUIZA FERNANDEZ	65.-€
LORENA PALACIOS REY	125.-€
RAMIRO JAVIER CAMPOS BALDEON	120.-€
CONCEIÇÃO COSTA RAMADA	60.-€
FRANCISCO MENDAÑA PARDO	60.-€
DOLORES BAÑO FRAGA	185.-€
Mª PILAR LOPEZ VILLARQUIDE	125.-€
YOLANDA LOPEZ LOPEZ	125.-€
EUGENIA RODRIGUEZ ROUCO	60.-€
SARA RODRIGUEZ GONZALEZ	60.-€
MARTA LOPEZ LOPEZ	125.-€
SUSANA MARINO PARAPAR	60.-€
MANUELA VERDE OTERO	120.-€
ROCIO TALADRID QUELLE	185.-€
ANA ISABEL AZOGUE BARBERARENA	310.-€
LISSETT ESCOBAR SEOANE	PENDENTE DE VALORACIÓN POR FALTA DE DOCUMENTACIÓN
HAFIDA BAHİ EDINE	SUPERA INGRESOS NON PROCEDE
MELIDA SANJUAN PARAPAR	SUPERA INGRESOS NON PROCEDE

DAVID QUELLE SANJUAN	SUPERA INGRESOS NON PROCEDE
M ^a DEL CARMEN VILLAR LOZANO	SUPERA INGRESOS NON PROCEDE
M ^a SOL MIGUEZ RIVAS	SUPERA INGRESOS NON PROCEDE
PATRICIA SANCHEZ MEITIN	SUPERA INGRESOS NON PROCEDE
TOTAL	3.375.-€

AXUDAS PARA DOUTORADO

NOME E APELIDOS	CONTÍA
CRISTIAN ABELAIRAS GOMEZ	1.200.-€
TOTAL	1.200.-€

D.2) SOLICITUDE DE D. ANTONIO REY ALVAREZ DE BAIXA DO VADO PERMANENTE SITO EN AVDA. DIPUTACIÓN, 88 (XOVE).

Vista solicitude formulada por D. Antonio Rey Álvarez con D.N.I. nº: 33.705.992-K con domicilio en Avda. Diputación, 88 (27870 Xove) que solicita a baixa do vado permanente nº 21 sito en Avda. Diputación, 88 por non serlle de utilidade.

A Xunta de Goberno, por unanimidade en votación ordinaria, acorda :

- 1º) Efectuar a baixa do vado permanente nº 21 de D. Antonio Rey Álvarez.
- 2º) A notificación os efectos ó interesado os efectos procedentes.

D.3) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE MONTE DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D. Jesús Pérez Pedre con D.N.I. nº 33.857.175-W, con domicilio en Penasagudas, 1 (27879 Monte) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (dende o 23/4/2012 o 22/10/2012), iniciada a partir del 21/10/2002, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 28 de decembro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.005,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A aprobación do libramento do importe de 1.502,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.
- 2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.4) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN Ó CENTRO SOCIAL DE SUMOAS DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a Josefa Meitin Insua con D.N.I. nº 76.557.108-K, con domicilio en Poceiras, 3 (27878 Sumoas) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (01/4/2012 ó 30/09/2012), iniciada a partir del 2-10-1997, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade

coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 4 de febreiro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 2.975,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.487,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rendibilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.5) ESCRITO DA ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA “XOVE” PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola Asociación Cultural-Deportiva Xove con CIF G27284520 no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 15-5-2012 para a actividade de fomento de deporte e os seus valores.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 5.400€. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2012, á presentación antes do 20 de decembro de 2012 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

D.6) ESCRITO DE ASPANANE PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola Asociación de Pais de Nenos Adolescentes con Necesidades Especiais (ASPANANE) no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 22 de marzo de 2012 destinada a mellora-la calidade de vida deste colectivo e a súa integración social e laboral.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido no presuposto municipal.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.

2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 180€. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2012, á presentación antes do 20 de decembro de 2012 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

